



Nesta obra, María Moure de Oteyza describe unha viaxe que comeza na súa infancia e culmina no Caurel. Naquela extraordinaria serra descobre que o que ía ser un traballo baseado no uso tradicional de plantas medicinais, convértese nunha historia que vai moito máis aló e que ten como protagonistas non as plantas, senón as persoas que habitan o territorio, as cales van configurando o fermoso, complexo, colorido e variado tapiz tecido nese tear que conforma a Cultura Popular do Caurel, a través dos testemuños, ritos ancestrais, lendas, refráns, cancións, adiviñas,...que existen tanto en torno á Etnomedicina como en xeral. Todo iso deu como resultado este primeiro tomo dunha triloxía que ten o catálogo de plantas medicinais como fío conductor.

Colaboran:



María Moure de Oteyza

E as Herbaxeiras do Caurel

Manía das herbas



Manía das herbas E as Herbaxeiras do Caurel

Crónica da Cultura Popular dunha Terra Extraordinaria

Etnomedicina e retrincos de Etnografía Xeral
(Lendas, Refráns, Ritos ancestrais...)

María Moure de Oteyza



María Moure de Oteyza

“Son de Letras de vocación e farmacéutica de tradición.” Filla e neta de farmacéuticos, María Moure de Oteyza (A Coruña, 1966) é, ante todo, unha namorada da Natureza e do Mundo Rural.

E sinte que o seu amor por O Caurel é un amor correspondido. Licenciada en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela, defendeu a tesíña e acadou a Suficiencia Investigadora (Diploma de Estudos Avanzados) en dita Universidade. Pra dar a coñecer o seu traballo de Etnomedicina da Serra do Caurel, leva seis anos impartindo conferencias, cursiños e obradoiros en centros privados e organismos públicos de Galicia (USC, UNED, concellos, Deputación de Lugo...).

O seu proxecto culmina co presente libro, primeiro dunha triloxía. María compaxina o seu labor investigador co traballo como adxunta nunha farmacia. Ó non poder establecerse no Caurel de xeito permanente, durante moito tempo considerouse unha aventureira e non daba atopado o seu *Lugar no Mundo*. Xa o atopou. É o fermoso Barrio da Magdalena de Ferrol.